

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**4371** Orde IET/631/2012, do 29 de marzo, pola que se introduce unha excepción de carácter territorial no mecanismo de fomento do uso de biocarburantes, para os anos 2011, 2012 e 2013.

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, establece que cada Estado membro velará por que a cota de enerxía procedente de fontes renovables en todos os tipos de transporte en 2020 sexa como mínimo equivalente ao 10 % do seu consumo final de enerxía no transporte.

A disposición adicional décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, establece obxectivos anuais de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte ata o ano 2010 e habilita o Goberno para modificar estes obxectivos, así como para establecer obxectivos adicionais.

O Real decreto 459/2011, do 1 de abril, polo que se fixan os obxectivos obrigatorios de biocarburantes para os anos 2011, 2012 e 2013, establece respectivamente uns obxectivos de biocarburantes en gasolina do 3,9 %, 4,1 % e 4,1 %, en diésel do 6 %, 7 % e 7 %, e globais do 6,2 %, 6,5 % e 6,5 %, todos eles en contido enerxético.

A disposición derradeira primeira dese real decreto habilita o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para introducir, por orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, excepcións ou mecanismos de flexibilidade de carácter territorial no mecanismo de fomento do uso de biocarburantes.

A Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, establece mecanismos de flexibilidade temporal para a contabilización das cantidades de biocarburantes vendidas ou consumidas, e un sistema de certificación e pagamentos compensatorios que permite aos suxeitos obrigados a transferencia de certificados, ao tempo que serve como mecanismo de control da obriga.

O obxecto desta orde é introducir, para o período 2011, 2012 e 2013, de forma transitoria, unha excepción de carácter territorial no cumprimento do obxectivo individual de biocarburantes en gasolina, para os suxeitos obrigados polas vendas ou consumos de carburantes na Comunidade Autónoma de Canarias ou nas cidades de Ceuta ou Melilla, xa que no momento actual non se consideran xustificadas os investimentos para a instalación de infraestruturas de mestura directa de bioetanol en territorios fraccionados ou con baixo volume de consumo.

Os obxectivos globais de biocarburantes para as vendas realizadas en tales territorios axústanse aos novos obxectivos individuais.

Así mesmo, modifícase a Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, para actualizar as fórmulas de cálculo de exceso de certificados e permitir aos suxeitos obrigados o cumprimento das obrigas establecidas para o logro dos obxectivos anuais de contido mínimo de biocarburantes e outros combustibles renovables mediante a realización de pagamentos compensatorios ata o 50 % dos obxectivos regulados en lugar do 30 % como estaba establecido.

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, función segunda, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, a Comisión Nacional de Enerxía emitiu o Informe 37/2011, do 13 de decembro. Así mesmo, o trámite de audiencia aos interesados efectúouse a través do Consello Consultivo de

Hidrocarburos, cuxas observacións e comentarios se tomaron en consideración para a elaboración do mencionado informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, de conformidade co Consello de Estado, logo de Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 15 de marzo de 2012, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde:

1. Introducir unha excepción de carácter territorial para os anos 2011, 2012 e 2013, no cumprimento do obxectivo individual de biocarburantes en gasolina, para os suxeitos obrigados polas vendas ou consumos na Comunidade Autónoma de Canarias ou nas cidades de Ceuta ou Melilla, axustando os obxectivos globais neses territorios.

2. Actualizar as fórmulas de cálculo de exceso de certificados de biocarburantes.

3. Aumentar a porcentaxe máxima dos obxectivos de consumo e venda de biocarburantes que se pode cumprir mediante a realización de pagamentos compensatorios.

Artigo 2. *Obxectivos obrigatorios mínimos de venda ou consumo de biocarburantes en Canarias, Ceuta e Melilla.*

1. Os suxeitos obrigados a que se refire o artigo 2 do Real decreto 459/2011, do 1 de abril, polo que se fixan os obxectivos obrigatorios de biocarburantes para os anos 2011, 2012 e 2013, con vendas ou consumos en Canarias, Ceuta ou Melilla, deberán acreditar anualmente ante a entidade de certificación de biocarburantes, polas vendas ou consumos nos citados ámbitos territoriais, as seguintes titularidades, e esas vendas quedarán exentas do cumprimento dos obxectivos regulados nas letras a) e c) do artigo 3 do citado Real decreto 459/2011, do 1 de abril:

a) A titularidade dunha cantidade mínima de certificados de biocarburantes que permitan cumprir cos obxectivos da seguinte táboa:

	2011 – Porcentaxe	2012 – Porcentaxe	2013 – Porcentaxe
Obxectivos de biocarburantes (porcentaxe). . . . .	4,7	5,5	5,7

b) A titularidade da cantidade mínima de certificados de biocarburantes en diésel (CBD) que permitan cumprir cos obxectivos regulados na letra b) do artigo 3 do citado Real decreto 459/2011, do 1 de abril.

c) A titularidade da cantidade mínima de certificados de biocarburantes en gasolina (CBG) que permitan cumprir cos obxectivos da seguinte táboa:

	2011 – Porcentaxe	2012 – Porcentaxe	2013 – Porcentaxe
Obxectivos de biocarburantes en gasolinas (porcentaxe) .	3,0	3,4	3,8

Estas porcentaxes calcularanse, para cada un dos suxeitos obrigados, de acordo coas fórmulas recollidas na Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte.

2. Polas vendas ou consumos no resto do territorio nacional, os suxeitos a que se refire o punto anterior deberán acreditar anualmente ante a entidade de certificación de biocarburantes a titularidade dun número de certificados de biocarburantes que permitan o cumprimento dos obxectivos establecidos nas letras a), b) e c) do artigo 3 do Real decreto 459/2011, do 1 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte.*

Os números 2 e 3 do artigo 11 da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, quedan redactados do seguinte modo:

«2. Os ingresos xerados por este concepto en cada ano natural dotarán un único fondo de pagamentos compensatorios que a entidade de certificación repartirá entre os suxeitos que contén con exceso de certificados en relación coa súa obriga, segundo a fórmula seguinte:

$$PFC_{in} = \max \{0; \beta \cdot (EG_{in} + ED_{in} - AT_{in})\}$$

Onde:

$PFC_{in}$ : é o pagamento con cargo ao fondo de pagamentos compensatorios do suxeito obrigado i-ésimo no ano n.

$\beta$ : é un valor máximo de 350 €/certificado.

$EG_{in}$  e  $ED_{in}$ : son os excesos de biocarburantes para o suxeito i-ésimo no ano n en relación cos obxectivos de biocarburantes.

$AT_{in}$ : é o termo que permite evitar duplicidades de cómputo dos excesos de biocarburantes.

$EG_{in}$ ,  $ED_{in}$  e  $AT_{in}$  calcularanse de acordo coas fórmulas seguintes:

$$\begin{aligned} EG_{in} &= \max \{0; CBG_{in} - OBG_{in} \cdot G_{in}\} \\ ED_{in} &= \max \{0; CBD_{in} - OBD_{in} \cdot D_{in}\} \\ AT_{in} &= \max \{0; OB_{in} \cdot (G_{in} + D_{in}) - (OBG_{in} \cdot G_{in} + OBD_{in} \cdot D_{in})\} \end{aligned}$$

O resto de parámetros son os definidos na presente orde.

En caso de que o fondo de pagamentos compensatorios dun ano non baste para satisfacer a cantidade calculada segundo a fórmula anterior, esta cantidade reducirase de forma proporcional. En caso contrario, se hai un exceso de recursos no fondo de pagamentos compensatorios, este exceso pasará a dotar o fondo do ano seguinte.

3. Considerarase que a realización dos pagamentos compensatorios que resulten da aplicación do establecido no número 1 deste artigo, e que determinará a entidade de certificación conforme o establecido no artigo 12, supón o cumprimento das obrigas establecidas para o logro dos obxectivos anuais de contido mínimo de biocarburantes e outros combustibles renovables dun suxeito obrigado sempre que se cumpran as seguintes condicións:

$$\begin{aligned} CBG_{in} &\geq 0,5 \cdot OBG_{in} \cdot G_{in} \\ CBD_{in} &\geq 0,5 \cdot OBD_{in} \cdot G_{in} \end{aligned}$$

Onde os parámetros utilizados son os definidos na presente orde.

En caso contrario, considerarase que se produciu un incumprimento das obrigas establecidas para o logro dos obxectivos anuais de contido mínimo de biocarburantes e

outros combustibles renovables, o que constitúe infracción moi grave de acordo co artigo 109, número 1, parágrafo z bis, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. A imposición de sancións administrativas que poidan derivar do citado incumprimento realizarase sen prexuízo dos pagamentos compensatorios que se deberán efectuar, en calquera caso, de acordo co establecido no número 1 do presente artigo.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de marzo de 2012.–O ministro de Industria, Enerxía e Turismo. José Manuel Soria López.